



BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES *ENTROIDO 2012*

Primeira.- A Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo e a Comisión organizadora do *Entroido 2012* convocan o Concurso de disfraces, que se realizará dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido na Praza de Compostela o martes día 21 de febreiro ás 18:30 horas.

Segunda.- As inscricións para participar neste concurso realizaranse o mesmo día, entre ás 17:00 horas e as 18:00 horas, na Praza de Compostela. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa do Concello e na web municipal.

Terceira.- Os premios establecidos para este concurso serán os seguintes:

PRIMERIOS PREMIOS:

- Bono regalo por importe de 100,00 euros para a categoría individual infantil (até os 13 anos).
- 100,00 euros para categoría individual xeral (máis de 13 anos).
- Bono regalo por importe de 200,00 euros para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).
- 200,00 euros para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 13 anos)

SEGUNDOS PREMIOS:

- Bono regalo por importe de 75,00 euros para a categoría individual infantil (até os 13 anos).
- 75,00 euros para categoría individual xeral (máis de 13 anos).
- Bono regalo por importe de 100,00 euros para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).
- 100,00 euros para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 13 anos)

TERCEIROS PREMIOS:

- Bono regalo por importe de 50,00 euros para a categoría individual infantil (até os 13 anos).
- 50,00 euros para categoría individual xeral (máis de 13 anos).
- Bono regalo por importe de 75,00 euros para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).
- 75,00 euros para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 13 anos)



ACCESIT: 4 accésit (un para cada categoría) por importe de 30,00 euros cada un (no caso dos accésit infantís será por bono regalo polo correspondente valor).

Os premios serán indivisibles e poderán quedar desertos algúns deles, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola comisión colaboradora do Entroido, constituída pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.

Cuarta.- A valoración dos criterios do concurso estará determinada polo xurado disposto na praza de Compostela, que estará composto por:

PRESIDENTE: Concelleira de Cultura e Festas, ou persoa en quen delegue.

VOCAIS: Dous membros da comisión organizadora do *Entroido 2012*.

SECRETARIO/A: Un técnico/a da Concellería de Cultura e Festas, con voz e sen voto.

Quinta .- A concelleira de Cultura e Festas queda facultada para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

Sexta.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelabel.